

**Resolución do 3 de xullo do 2026, da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A., pola que se modifica a composición dun dos tribunais que deberán cualificar o proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso-oposición e quenda de acceso libre, pola Resolución do 2 de febreiro do 2026 (DOG nº 28 do 11 de febreiro do 2026) en varias categorías da Corporación.**

Unha vez convocado o proceso selectivo pola resolución que se cita na cabeceira, e nomeados os órganos de selección por Resolución do 12 de maio do 2026, unha das persoas pertencentes ao tribunal que avaliará as categorías de Técnico/a de administración e Oficial Administrativo/a presentou a súa renuncia polo que esta Dirección Xeral da CSAG,

**RESOLVE:**

Aceptar a renuncia de Emma Coello Paz como vogal titular do tribunal que se cita e nomear no seu lugar a Rubén Plaza Martínez (Funcionario A1 da Xunta de Galicia).

Noméase como vogal no tribunal suplente para as categorías de titulado/a medio/a, oficial técnico/a electricista, auxiliar administrativo/a, técnico/a de administración e oficial administrativo/a a Blanca Esther Franco Reza (Xefa do servizo de Contratación da CSAG).

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2026

A Directora Xeral da CSAG



CORPORACION  
DE SERVIZOS  
AUDIOVISUAIS  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

María Concepción Pombo Romero